



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Av. de Castelao 20, baixo
15704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo: adega@adega.gal
[Páxina electrónica: www.adega.gal](http://www.adega.gal)

DOCUMENTO DE ALEGACIONES

Fins Eirexas Santamaría, [REDACTED], secretario técnico de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), [REDACTED], con domicilio a efectos de notificación na Avenida de Castelao, 20, baixo, 15704 Santiago de Compostela, en representación desta entidade, presenta ao proxecto construtivo, o plan de restauración e o estudo de impacto ambiental para o acrecentamento do depósito de lodos vermellos a cota 110, situado no termo municipal de Xove, na provincia de Lugo, promovido por Alúmina Española, S.A, as seguintes,

ALEGACIONES:

1. Consideracións previas:

1.1. Os documentos sometidos a información pública de xeito conxunto corresponden en realidade a dous proxectos independentes entre si. Por unha banda, o proxecto de recrecemento do depósito de lamas vermellas até a cota 110 e por outro o proxecto de peche, clausura e restauración da antedita instalación. O primeiro resposta á estratexia empresarial de alongar a vida do depósito a para seguir producindo alúmina, e o segundo é un requerimento da Lei 22/1973 de Minas e do Real Decreto 975/2009 sobre a xestión dos residuos das industrias extractivas e a protección e rehabilitación de zonas afectadas polas actividades mineiras.

Xa que logo a tramitación de ambos proxectos debería realizarse de xeito independente, de xeito que o de peche e restauración non pode depender nen vencellarse ao proxecto de recrecemento, como é o caso.

1.2. Ao longo da tramitación do proxecto de recrecemento da balsa até a cota 104, actualmente en execución, e segundo recolleu DIA emitida en outubro de 2024, produciuse un cambio das propiedades do residuo almacenado na balsa, que pasou a ser considerado como HPO4 (irritante) e HPO8 (corrosivo). Este feito supuxo unha nova caracterización das lamas vermellas como residuo, que pasaron a ser LER-01 03 10* (*Lodos rojos procedentes de la producción de alúmina que contienen sustancias peligrosas distintos de los residuos*

mencionados en el código 01 03 07), isto é, residuos perigosos. En consecuencia, débéronse modificar tanto Plan de emerxencia interior como o Plan de emerxencia exterior, e a balsa para o depósito das lamas pasou a considerarse unha instalación de “Categoría A” (RD 975/2009).

1.3. Faise constar tamén que con anterioridade a 2020, as plantas de produción de alúmina (na que se insire a balsa de lamas vermellas como instalación auxiliar) e a de aluminio contaban con senllas Autorizacións ambientais integradas (AAI), con códigos 2006/0184_NAA/IPPC_131 e 2005/0093_NAA/IPPC_130, respectivamente. A partir de 2020, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolveu integrar ambas autorizacións nunha única resolución para todo complexo industrial-mineiro (código 2020-IPPC-110-331).

2. Encol do proxecto de recrecemento do depósito de lamas vermellas:

2.1. Ao longo da vida desta instalación producíronse diversos recrecementos (1986, 1995) froito das necesidades do proceso produtivo. Outro foi presentado en 2004 e autorizado en 2006 e consistía na elevación dos diques principais e de cola até a cota 100 para permitir o depósito de lamas vermellas até a cota 99. Segundo a empresa, isto permitiría continuar a verter e refugallos mineiros por outros 25 anos máis (dende 2004), isto é, até o ano 2029 ou 2030. Sen ter concluída a ampliación autorizada en 2006, en 2021 presentouse outro proxecto de recrecemento que foi autorizado pola Xunta en 2025 para elevar os diques até a cota 104 e permitir acumular lamas até a cota 103. Novamente a empresa aduciu que pretendía alongar a vida útil do depósito até mediados do ano 2029.

Co presente proxecto, Alúmina Española pretende, sen ter rematado aínda o recrecemento autorizado en 2025, estender a vida útil do depósito outros 4 anos e medio máis. Cómpre ter pois en consideración que a xustificación da empresa para desenvolver o actual proxecto, como tamén acontecera cos autorizados en 2006 e 2025, foron unhas necesidades de produción que estimaron erroneamente, e en xeral moi á baixa, o volume de lamas vermellas xerado.

2.2. Na actualidade, a actividade da empresa cínguese unicamente á produción de alúmina a partir da bauxita. O proceso de transformación da bauxita en alúmina é a principal fonte de xeración das lamas vermellas que son depositadas na balsa que novamente se pretende ampliar. Xa que logo, no ciclo de obtención do aluminio metal, cuxa reutilización e reciclaxe podería considerarse en grande medida circular, a fase de obtención da alúmina é a que provoca o maior volume de refugallos contaminantes (líquidos e sólidos) e a que menor valor engadido achega en comparación coa produción de aluminio.

Na fatoria de Alúmina Española S.A. desenvólvese un proceso industrial, a obtención de alúmina para a exportación, moi intensivo na xeración de efluentes contaminantes, nomeadamente lamas vermellas e augas con altos contidos de flúor, que cómpre xestionar. Porén, na revisión da AAI para ambas plantas (2020-IPPC-110-331) establecéronse unha

serie de límites para os contaminantes presentes nos efluentes emitidos á atmosfera e ao medio acuático, de xeito conxunto para os dous procesos produtivos. En base a isto, a administración galega autorizou diversas excepcións consonte ao artigo 7.5 do Real decreto legislativo 1/2016 polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación.

No caso dos efluentes líquidos, ditas excepcións supoñían autorizar a vertedura anual de 7,5 millóns de m³ de augas residuais ao medio, procedentes tanto dos procesos industriais como da balsa de lamas vermellas, cunha cantidade de fluoruros de 15 mg/l até finais de xullo de 2022; 10 mg/l até finais xullo de 2023 e 8 mg/l en diante. Como referencia, os valores máximos de fluoruros fixados no RD 817/2015, de 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguemento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, son de 1,7 mg/l.

E novamente en 2022, tramitouse e aprobouse unha nova modificación da AAI (2020-IPPC-M-153) para recuperar o fuel como combustíbel en tres fornos de calcinación de alúmina. Autorizáronse nova excepcións para superar os límites de emisión dos óxidos de xofre (SO₂) e de nitróxeno (NOx) que pasaron de 35 mg/Nm³ para o SO₂ e 450 mg/Nm³ para NOx a 1700 mg/Nm³ e 615 mg/Nm³ respectivamente, isto é un 4757% máis para os óxidos de xofre e un 35% máis para os óxidos de nitróxeno, moi por riba dos límites legais establecidos no RD 815/2013 e fixado en 250 mg/Nm³ para o SO₂ e 200 mg/Nm³ para os NOx. Dase a circunstancia ademais que a Xunta xa lle permitira con anterioridade a ALCOA superar o límite de emisión de NOx establecido no RD 815/2013 (200 mg/Nm³m) e fixado na anterior AAI en 450 mg/Nm³m.

Dende ADEGA argumentamos que ao non desenvolverse xa unha parte importante do proceso produtivo (a obtención de aluminio metal) para o que se concederon conxuntamente co da alúmina as Autorizacións Ambientais Integradas que permitían un importante aumento na emisión de contaminantes, non estarían xustificadas o mantemento das excepcións aos límites de emisión nas sucesivas modificacións da AAI, particularmente para o Flúor nos efluentes líquidos.

3. Encol do anteproxecto de restauración, selado e clausura do depósito de lamas vermellas:

3.1. Na documentación presentada pola empresa figuran orzamentados os custos do proxecto de recrecemento (74.273.908,31 €). Porén, neste orzamento non se identifican nin desglosan os importes das garantías financeiras que debería constituir con carácter previo á execución do proxecto, consonte á Lei 26/2007 de responsabilidade medioambiental. Tampouco aparecen cuantificados os custos da restauración, selado e clausura do depósito de lamas vermellas nin as garantías financeiras asociadas, consonte ao art. 43 do RD 975/2009, isto é, para o cumprimento das condicións da autorización do plano de restauración. Nestas garantías financeiras deberían tamén cuantificarse as estipuladas no art. 42 do antedito decreto (rehabilitación do espazo natural afectado polos labores mineiros).

Polo anteriormente exposto, **SOLICITAMOS:**

1. A denegación do proxecto de recrecemento do depósito de lamas vermellas até a cota 110, mantendo a vixencia do proxecto aprobado en 2025 e aínda en execución, que limitaba a altura máxima da balsa á cota 104, antes do selado e clausura.

2. Que se inste a Alúmina Española S.A. a modificar o proxecto de selado e clausura consonte ao solicitado no punto anterior, de xeito que se leve a cabo logo do cesamento dos labores de enchido do depósito cando a cota de coronación da balsa acade os 104 m.

3. A revisión de oficio da Autorización Ambiental Integrada (AAI) no que atinxe á xestión e control das lamas vermellas, habida conta da actual consideración destes refugallos como residuos tóxicos e perigosos (código LER-01 03 10*). En particular deberían revisarse os limiares dos parámetros de contaminantes, particularmente Fluoruros, nos efluentes producidos no actual proceso de obtención de alúmina e no depósito de lamas. Non é de recibo que a planta de alúmina, co seu depósito de lamas asociado, estean operando cunha AAI que segue sen considerar como tóxicos estes refugallos.

Tamén deberían revertirse as excepcións concedidas conxuntamente aos procesos de obtención de alúmina e aluminio nas revisións da AAI de 2020 e 2022, por careceren de xustificación.

4. Que se esixa á empresa desglosar, no proxecto de recrecemento, os importes das garantías financeiras que debería constituir consonte á Lei 26/2007 de responsabilidade medioambiental, así como a cuantificar os custos do proxecto de restauración, selado e clausura do depósito de lamas vermellas, consonte aos art. 42 e 43 do RD 975/2009.

Compostela, marzo de 2026.

Asinado: Fins Eirexas, secretario técnico de ADEGA

DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA